

6 DE MAIO DE 2023

VI MORADA DE BAMA

CAMPO DA FESTA DE BAMA - TOURO

ESPAZO "DELEITE"

18:00 APERTURA ESPAZO ARTESANÍA

18:00 RILO E PENADIQUE ESPECTÁCULO INFANTIL

18:00 XOGOS POPULARES AGXPT

19:00 OBRADOIRO DE BAILE FOLIADRO

COAS ACTUACIÓNS DE...

(A PARTIR DAS 20:00)

BRINCADEIRA DE CARBIA

SILVA VERDE

A FONTE DE MERLÁN

PANDEIRETEIROS DE CANTIGAS E AGARIMOS

ARRANCADEIRA

A PINGUELA DE BAMA

REQUINTA DA LAXEIRA

E FOLIADA ABERTA ATA QUE O CORPO AGUANTE!

E PRESENTADO POR...

LITO DE ARZÚA

ES DE BO DENTE?

PULPERÍA CONSTANTE

E OUTROS MANXARES

PARA ROER

Organiza:



Colaboran:




Deputación
DA CORUÑA





Quen somos?

Unha asociación cultural creada en Bama (Touro) no ano 2017. Na actualidade temos máis de 60 persoas asociadas e preto de 50 alumnos/as, pertencentes principalmente a varias parroquias de Touro e O Pino.



Que facemos?

A nosa principal actividade é unha escola de música e baile tradicional. Ofertamos clases de gaita, percusión (tambor e bombo), pandeireta e canto, baile, acordeón e debuxo e pintura. Ofertamos diferentes niveis, tanto para nenos/as como para persoas adultas.




Queres máis información?

Facebook e Instagram: @apinguelabama

Teléfono/WhatsApp: 649 930 245

Correo: acapinguela@gmail.com

Web: www.apinguelabama.gal




A Morada de Bama

A foliada de sempre con nome propio

No ano 2022 a foliada que organizamos pasou a denominarse a "Morada de Bama". As pescudas realizadas no marco do proxecto "Dende a cociña" sacaron á luz este termo, "morada", para referirse a uns bailes que se facían en varias parroquias da zona de Touro a comezos do ano. Normalmente comezaban a finais de xaneiro, cando xa medraban algo os días, e duraban ata o Entroido.

Estas festas tiñan lugar os domingos pola tarde ao longo de varias semanas e nelas tocaba un grupo de gaiteiros, pagado co diñeiro que recadaban os mozos cando saían a cantar a Panxola e os Reis durante o Nadal.

Temos documentado a realización de moradas nas parroquias de Bama e Loxo (en Touro) e tamén na parroquia da Lavacolla (Compostela) ata os anos 60-70. Para non perder este termo (que non se recolle con este significado nos dicionarios) a asociación organiza esta VI Morada de Bama, "a foliada de sempre con nome propio".



Invitación

Prezadas veciñas e veciños, un ano máis a **Asociación Cultural A Pinguela de Bama** vai organizar unha **foliada na parroquia de Bama** e gustaríanos que nos acompañedes para pasar xuntos unha leda tarde-noite de festa.

Será o **sábado 6 de maio** no **campo da festa de Bama** (concello de Touro), e **empezará ao redor das 18 horas** (seis da tarde). Teremos **música, baile, cantina con comida e bebida**, varios **sorteos** e **xogos populares** para as crianzas. Como novidade, este ano contamos cun **espazo de artesanía** pola tarde, patrocinado por Deleite, e coa **Pulpería Constante** para a cea.

Agardamos contar coa túa presenza!

Convida a túa familia, as túas amizades e vide o día 6 de maio a Bama, para pasar un bo día lembrando como se divertían os nosos avós e avoas nas moradas.